



MIGUEL ÁNGEL DELGADO GONZÁLEZ
Rúa Juan Castro Mosquera nº28, 2ºD
15005 A Coruña (A Coruña)

Asunto: **Notificación da Resolución pola que se acorda conceder acceso á información pública a Miguel Ángel Delgado González.**

Expediente: **PR100A-2018/01**

De conformidade co establecido no artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, notificólle a Resolución do director xeral do IGVS, de 16 de marzo de 2018, pola que se lle concede acceso á información pública no procedemento con número de expediente PR100A-2018/01:

“RESOLUCIÓN POLA QUE SE ACORDA CONCEDER O ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA A MIGUEL ÁNGEL DELGADO GONZÁLEZ NO PROCEDIMENTO PR100A-2018/01

ANTECEDENTES

1.- O 1 de marzo de 2018 tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia (n.º de entrada 2018/541990) a solicitude de acceso á información pública de Miguel Ángel Delgado González, con NIF: 32413124Y, consistente na petición de informe completo sobre a axuda concedida a Roberto Hermo Catoira no procedemento de referencia C09-SA-0004/16, o relato pormenorizado da descrición do significado aplicado á citada referencia, así como se a axuda concedida foi para una vivenda no Poboado Mineiro de Fontao.

2.- O 8 de marzo de 2018 recibíuse no Rexistro do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante IGVS) a citada solicitude, data a partir da cal empezou a contar o prazo dun mes para a súa resolución, segundo o establecido no artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

3.- O 28 de abril de 2016 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Orde do 8 de abril de 2016 pola que se convoca a concesión de subvencións para as persoas adquirentes, adxudicatarias ou promotoras individuais para uso propio de vivenda, que contén co financiamento cualificado do Plan de vivenda e rehabilitación 2009-2012.

4.- O 11 de maio de 2017 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Resolución de 21 de abril de 2017 pola que se deu publicidade á relación de las persoas ou entidades beneficiarias das axudas concedidas ao abeiro das convocatorias realizadas no ano 2016.

O artigo 4.1.d) da citada Orde do 28 de abril de 2016 outorga a condición de beneficiarios destas axudas, entre outras, ás persoas físicas promotoras individuais para uso propio de vivendas de protección autonómica de réxime especial ou xeral. Así mesmo, o artigo 4.2.b) da Orde esixe que esas persoas estean acollidas ao sistema de financiamento para o primeiro acceso á vivenda en propiedade do Plan de vivenda e rehabilitación 2009-2012, así como ter formalizado un préstamo convido entre o 6 de novembro de 2009 e o 31 de decembro de 2012, e que contén coa correspondente resolución de cualificación definitiva da vivenda.

4.- O 29 de abril de 2016, ao abeiro desta convocatoria, Roberto Carlos Hermo Catoira presentou unha solicitude de subvención como promotor individual para uso propio dunha vivenda.





5.- O 3 de agosto de 2016, o director xeral do IGVS resolveu conceder a Roberto Carlos Hermo Catoira unha subvención por importe de seis mil euros (6.000,00 €), previa proposta de resolución da xefa da Área Provincial do IGVS na Coruña de 14 de xullo de 2016, logo de examinada a solicitude e a documentación presentada e unha vez comprobado que Roberto Carlos Hermo Catoira cumpría todos os requisitos esixidos nas bases reguladoras e na normativa de subvencións para ter a condición de beneficiario.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1.- O artigo 27.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno establece que no ámbito do sector público autonómico, a competencia para a resolución das solicitudes de acceso corresponderalles á persoa titular da secretaría xeral, da secretaría xeral técnica, da dirección xeral ou da delegación territorial no caso da Administración xeral da Comunidade Autónoma e mais á persoa titular dos órganos de goberno ou executivos das entidades instrumentais do sector público que posúan a información.

O artigo 27.4 da Lei 1/2016, establece que a resolución en que se conceda ou denegue o acceso deberá notificarse, á persoa solicitante e aos terceiros afectados que así o solicitasen, o antes posible e, como máis tarde, no prazo máximo dun mes desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver.

2.- O artigo 28.1 da Lei 1/2016, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, agás naquelas ditadas polos suxeitos previstos no artigo 3.1.d) desta lei, contra as cales, conforme o previsto na normativa básica, só caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo.

O artigo 28.2 da Lei 1/2016, establece a reclamación ante o órgano independente de control terá a consideración de substitutiva dos recursos administrativos, así como un carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa.

Polo anterior, unha vez analizada a solicitude de información pública presentada por Miguel Ángel Delgado González,

RESOLVO

Conceder o acceso á información á que se refire a solicitude de información pública presentada por Miguel Ángel Delgado González, nos seguintes termos:

1) A subvención concedida a Roberto Carlos Hermo Catoira, tramitada baixo o número de expediente C09-SA-0004/16, tivo por obxecto contribuír a afrontar os gastos derivados da promoción individual para uso propio dunha vivenda de protección autonómica e non dunha vivenda situada no Poboado Mineiro de Fontao, cuxo réxime xurídico é de vivendas de promoción pública.

2) A referencia do expediente C09-SA-0004/16 inclúe os seguintes elementos identificadores do mesmo:

- C 09: provincia de A Coruña e referencia ao Plan de vivenda e rehabilitación 2009-2012.

- SA: subvención para adquisición de vivenda.

- 0004/16: número da solicitude e ano de tramitación do expediente.

Contra esta resolución, que é definitiva en vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses, ou, previa e potestativamente, reclamación ante o valedor do Pobo no prazo dun mes; en ambos os casos, o prazo contarase desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E
VIVENDA



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO

Área Central, s/n Pol. de Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 54 19 00 – Fax 981 54 19 27

Documento asinado electronicamente
O Director Xeral do IGVS
Heriberto García Porto.”

Documento asinado electronicamente
O Xefe do Servizo de Contratación
(responsable de transparencia do IGVS:
Acordo do Consello da Xunta de 3 de marzo de 2016)
Jorge Outeiriño Santos

